

DECRETO DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DE BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL, AO ABEIRO DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (BOPPO nº 74 do 19 de abril de 2022).

En Meis, Dna. MARTA GIRÁLDEZ BARRAL, Alcaldesa-Presidenta deste Concello, dicta a seguinte Resolución:

Visto o acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 27 de maio de 2022, de OUTORGAMENTO DA CONDICIÓ DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO “PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL” NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte. 2022014749) (BOPPO nº 102 do 30 de maio de 2022), o Concello de Meis pretende a contratación laboral temporal mediante contrato formativo para a obtención da práctica profesional, a xornada completa, dunha persoa demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, que estea en posesión da titulación de CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.

Esta Alcaldía, no uso das atribucións que lle competen de acordo co artigo 21, g) da Lei reguladora das Bases do Réxime Local, **RESOLVE:**

- 1º. Aprobar as bases que rexerán a contratación dunha persoa demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de emprego inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia, que estea en posesión da titulación de CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS.
- 2º. A relación laboral ofertada será a de contrato formativo para a obtención de práctica profesional, a xornada completa, durante doce meses.

Mándao e asíno a alcaldesa, do que, a secretaría DÁ FE.

Documento asinado electronicamente.

